

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL**

RESOLUCIÓN do 8 de maio de 2025 pola que se se publica a adxudicación definitiva de centros docentes privados concertados dependentes desta consellería para participaren no programa de inmersión lingüística activa en lingua inglesa, Spring Week, dirixido ao alumnado de sexto curso de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria durante o curso 2024/25 (código de procedemento ED531F).

Con data do 31 de abril de 2025 publicouse no portal educativo da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional a resolución provisional de centros docentes seleccionados e non seleccionados, xunto coas quendas correspondentes. Abriuse un prazo de dez (10) días hábiles para efectuar reclamacións ou renuncias, ante a Presidencia da Comisión, de acordo co establecido no artigo 15, puntos 1, 2 e 4, da Orde do 23 de decembro de 2024.

Unha vez transcorrido o prazo de reclamacións ou renuncias e segundo os termos do establecido no artigo 16 da Orde do 23 de decembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se regula o réxime de axudas a centros docentes privados concertados dependentes desta consellería para participaren no programa de inmersión lingüística activa en lingua inglesa, Spring Week, dirixido ao alumnado de sexto curso de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria durante o curso 2024/25,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar e facer pública a resolución definitiva dos centros docentes seleccionados e non seleccionados.

Segundo. Publicar esta resolución definitiva no portal da internet da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Terceiro. Contra a resolución definitiva, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición, ante o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da

CVE-DOG: prxxded5-nfc7-py44-9cy2-doyju73xnx0



Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2025

O conselleiro de Educación, Ciencia,
Universidades e Formación Profesional
P.D. (Orde do 23.12.2024; DOG nº 10, do 16.1.2025)
Judith Fernández Novoa
Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

CVE-DOG: prxxded5-nfc7-py44-9cy2-doyju73xnx0



ANEXO
Centros seleccionados Spring Week 2025

Código do centro	Nombre do centro	Concello	Provincia	Total puntos	Curso solicitado	Número de alumnado	Quenda
36011491	CPR Plurilingüe Possumus	Vigo	Pontevedra	4,5	3º ESO	20	1ª quenda
27006322	CPR Plurilingüe La Inmaculada	Lugo	Lugo	4,4	3º ESO	25	1ª quenda
32003783	CPR Plurilingüe Sagrado Corazón	Celanova	Ourense	3,55	3º ESO	18	1ª quenda
36011211	CPR Plurilingüe San Miguel 2	Vigo	Pontevedra	3,2	3º ESO	15	1ª quenda
15006501	CPR Plurilingüe Cristo Rey	Ferrol	A Coruña	4,2	1º ESO	25	1ª quenda
36016115	CPR Plurilingüe Eduardo Pondal	Cangas	Pontevedra	3,5	1º ESO	22	1ª quenda
15011002	CPR Plurilingüe Hijas de Cristo Rey	Oleiros	A Coruña	4,5	1º ESO	25	2ª quenda
32002973	CPR Plurilingüe Sagrado Corazón	Carballiño, O	Ourense	4,5	1º ESO	23	2ª quenda
36007527	CPR Plurilingüe La Inmaculada	Ponteareas	Pontevedra	4,5	1º ESO	25	2ª quenda
15006511	CPR Plurilingüe Santa Juana de Lestonnac	Ferrol	A Coruña	4,5	1º ESO	17	2ª quenda
36010216	CPR Plurilingüe Divino Salvador	Vigo	Pontevedra	4,5	1º ESO	20	2ª quenda
27010911	CPR Plurilingüe Sagrado Corazón de Jesús	Ribadeo	Lugo	3,25	1º ESO	15	2ª quenda
36016097	CPR Plurilingüe Montesol	Vigo	Pontevedra	5	6º EP	25	3ª quenda
27006280	CPR Plurilingüe Padres Franciscanos	Lugo	Lugo	5	6º EP	25	3ª quenda
36011750	CPR Plurilingüe Don Bosco	Vigo	Pontevedra	5	6º EP	21	3ª quenda
36010435	CPR Plurilingüe El Castro	Vigo	Pontevedra	4,7	6º EP	22	3ª quenda
15004198	CPR Plurilingüe Hijas de Jesús	A Coruña	A Coruña	4,5	6º EP	25	3ª quenda
15010769	CPR Plurilingüe María Assumpta	Noia	A Coruña	4,5	6º EP	25	3ª quenda
27006255	CPR Plurilingüe Divino Maestro	Lugo	Lugo	4	6º EP	7	3ª quenda





Centros non seleccionados Spring Week 2025

Código do centro	Nome do centro	Concello	Provincia	Total puntos	Curso solicitado	Nº de alumnado suplente
36016115	CPR Plurilingüe Eduardo Pondal	Cangas	Pontevedra	3,5	1º ESO	3
27010911	CPR Plurilingüe Sagrado Corazón de Jesús	Ribadeo	Lugo	3,25	1º ESO	10
15003200	CPR Plurilingüe Manuela Rial Mouzo	Cee	A Coruña	3,25	1º ESO	25
36024057	CPR Plurilingüe Bouza Brey	Vigo	Pontevedra	3	1º ESO	25
36018033	CPR Plurilingüe Vigo	Redondela	Pontevedra	3	1º ESO	25
32008410	CPR Plurilingüe Santo Ángel	Ourense	Ourense	2	2º ESO	25
27006255	CPR Plurilingüe Divino Maestro	Lugo	Lugo	4	6º EP	18
15007230	CPR Ntra. Sra. del Carmen	Fisterra	A Coruña	3,8	6º EP	9
36011518	CPR Plurilingüe Mercantil	Vigo	Pontevedra	3,7	6º EP	24
15014520	CPR Plurilingüe Galaxia	Ribeira	A Coruña	3,2	6º EP	25
27004465	CPR Plurilingüe Nuestra Señora del Pilar	Foz	Lugo	3	6º EP	20
36004514	CPR Plurilingüe La Inmaculada	Marín	Pontevedra	1,7	6º EP	25

